

UNS PEQUENOS CONSELLOS

- 1. **INFÓRMATE** das normas e itinerarios do Parque para evitar impactos que afecten os seus valores. Consulta a previsión do tempo así como o estado das mareas. Se tes dúbidas, pregunta no teléfono do Parque (881 86 76 45), no Centro de Visitantes do Vilar ou na web Galicia Natural e Única.
- 2. **EQUÍPATE**. Leva roupa e calzado axeitado e realiza actividades acordes ás túas capacidades. Lembra ter sempre cargado o móbil: o 112 é o teléfono de emerxencias e o 091 o da Policía Nacional.
- 3. **MÓVETE** unicamente polas rutas e sendeiros de uso público (https://galicianaturaleunica.xunta.gal/sites/default/files/mapas/plano_corrubedo_web_gl.pdf). Transitar fóra dos camiños perturba a fauna e dana a flora e os hábitats do Parque e tamén pode ser unha vía de introdución de plantas exóticas.
- 4. **VALORA ESTE TESOURO E NON DEIXES PEGADA**. Extrema a precaución para non molestar os animais ou danar a vexetación. Recolle os teus desperdicios e non deixes rastro do teu paso. Recorda que tampouco debes levar máis do que traes. Cada cuncha, planta, grao de area... ten a súa función no ecosistema.
- 5. **DEIXA O TEU COCHE** nos aparcadoiros habilitados, situados en: Olveira, O Vilar ou no Centro de Visitantes (para este aparcadoiro precísase autorización previa).
- 6. **RESPONSABILÍZATE DA TÚA MASCOTA**. Na zona de uso limitado do Parque (lagoas e zonas de dunas) así como na praia, o acceso con mascotas non está permitido xa que supoñen unha importante alteración ás especies que alí habitan. No resto do Parque pódese acceder con mascotas polos sendeiros habilitados sempre que estean suxeitas con correa.
- 7. **GOZA DO DEPORTE**. Permítese a realización de surf e paddle surf de xeito individual. Para a práctica do windsurf, permítese o acceso a pé dos windsurfistas na zona da Ladeira, no límite norte do Parque Natural, coas velas previamente aparelhadas no exterior do parque. Se vés en bicicleta ou a cabalo consulta as rutas que podes seguir. (https://galicianaturaleunica.xunta.gal/sites/default/files/mapas/plano_corrubedo_web_gl.pdf). Se realizas algunha actividade en grupo organizado, será precisa autorización previa.
- 8. **CONECTA COA NATUREZA** a través dos sentidos, camiña sen préa e goza. Podes participar nalgunha das actividades de educación ambiental gratuítas ofertadas polo Parque.
- 9. **RESPECTA A POBOACIÓN LOCAL E CONSUME LOCALMENTE**. Hai xente que vive neste Parque; valora os seus usos e costumes. Evita obstruír camiños ou accesos a vivendas e non entres en terreos particulares. Facendo uso de tendas, bares e restaurantes da contorna do Parque axudas á economía local.
- 10. **COLABORA** coa conservación e xestión do Parque Natural. Lembra que non está permitida a acampada libre nin facer lume. Axúdanos a mellorar coas túas achegas ao Centro de Recepción de Visitantes ou a través do correo electrónico parque.natural.corrubedo@xunta.gal.



Unión Europea

FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO
REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"



PARQUE NATURAL
COMPLEXO DUNAR DE CORRUBEDO
E LAGOAS DE CARREGAL E VIXÁN

Máis información en:
cmatv.xunta.gal



Centro de visitantes
Lugar do Vilar, Carreira
15960 Ribeira (A Coruña)
(+34) 981 878 532

RUTA DE ORQUÍDEAS



Ruta polos Campos de Amendo, A Gandarela e Pipín

Parque Natural Complexo dunar de
Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán



Crista de galo grande (*Serapias cordigera*)



XUNTA
DE GALICIA

O Parque Natural do complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán, situado ao suroeste da península do Barbanza, entre as rías de Arousa e Muros-Noia, pertence ao termo municipal de Ribeira, na provincia da Coruña e ocupa unha extensión de 996,25 ha.

O Parque Natural ten numerosos hábitats considerados prioritarios para a conservación pola Directiva Hábitats como os cantís mariños con vexetación das costas atlánticas, os matos secos europeos, os matos húmidos atlánticos ou as herbeiras húmidas de herbas altas entre outros.



A riqueza e o valor deste enclave natural ven dada pola variedade de hábitats que se atopan nos seus límites: o mar, a praia, as dunas fixas e móbiles, a marisma, as lagoas de auga doce e salgada, os campos, as sebes e o bosque.

Todo o conxunto, de enorme fraxilidade, acolle numerosas especies vexetais e animais especializadas segundo as condicións do medio que as rodea, moitas delas endémicas, escasa ou ameazadas.

OUTRAS FIGURAS DE PROTECCIÓN

No Parque Natural do complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán concorren ademais as seguintes figuras de protección:

- Humidal de importancia internacional-Ramsar.
- Zona de especial protección para as aves (ZEPA) Complexo litoral de Corrubedo
- Zona especial de conservación (ZEC) Complexo húmido de Corrubedo
- Humedal protexido de Galicia

UN PARQUE NATURAL PARA DESCUBRIR AS ORQUÍDEAS

As orquídeas representan a perfección, a beleza e o amor. En Europa úsanse como plantas ornamentais a partir do s. XVIII, sendo moi populares entre a aristocracia, pois a súa posesión era símbolo de distinción social. A súa popularidade e a presión exercida polos coleccionistas provocou a extinción de varias especies.

En Galicia hai catalogadas 39 especies de orquídeas. O clima, o tipo de solo e a vexetación circundante condicionan a súa distribución. A presenza no noso territorio dalgunhas zonas de influencia mediterránea aumenta a diversidade. Dentro do Parque Natural existen 11 especies de orquídeas e unha delas, a **espiral do verán** (*Spiranthes aestivalis*) encóntrase en perigo de extinción.



Espirál do verán (*Spiranthes aestivalis*)

A maioría son polinizadas polos insectos, algunhas enganadoras, imitando a outras especies e noutras o seu néctar ten un efecto de atordamento, afectando á capacidade de voo e así o polinizador permanece máis tempo sobre a planta.

Presentan distinto grao de afinidade polos hábitats existentes no parque, máis abundantes no sistema dunar, en medios húmidos e pasteiros, e sendo máis escasas nas matogueiras e nos ecosistemas forestais.

Nos sistemas dunares que é o ambiente con maior extensión do parque natural as condicións de vida para as plantas son duras polo vento, o salitre e a insolación. Nas zonas máis expostas

coas condicións máis duras non adoitan medrar as orquídeas. As dunas grises onde especialmente o vento diminúe o seu efecto e permite a estabilización do substrato permite o asentamento de unha gran diversidade de plantas e entre elas varias especies de orquídeas como a **abelleira común** (*Ophrys apífera*), a **abelleira escura** (*Ophrys sphegodes*) e a **crista de galo miúda** (*Serapias parviflora*).



Raíña das brañas (*Epipactis palustris*)

No Parque Natural ademais das dúas grandes lagoas, a de Carregal que se ve afectada polo efecto das mareas sendo por tanto pouco favorable para a presenza de orquídeas, e a de Vixán onde aprace entre a vexetación de espadanas e lirios o **satirión corpudo** (*Dactylorhiza elata*), fórmanse interesantes charcas no medio das dunas grises e que son un hábitat de grande interese onde medran a **crista de galo miúda** (*Serapias parviflora*), o **satirión corpudo** (*Dactylorhiza elata*), a **espiral de verán** (*Spiranthes aestivalis*), a **espiral de outono** (*Spiranthes spiralis*) ou a **raíña das brañas** (*Epipactis palustris*).

Nos pasteiros e afloramentos rochosos medran tamén diversas orquídeas adaptadas as diferentes condicións destes medios e así atopamos a **crista de galo miúda** (*Serapias parviflora*), a **lingueira** (*Serapias lingua*) ou a **crista de galo grande** (*Serapias cordigera*) ou o **satirión corpudo** (*Dactylorhiza elata*).

Nas zonas de matogueiras as orquídeas son escasas pero poden medrar a **lingueira** (*Serapias lingua*), a **crista de galo grande** (*Serapias cordigera*) ou o **satirión apigarado** (*Dactylorhiza maculata*).

Tampouco son abundosas nas zonas forestais e só nalgúns puntos onde hai un tapiz herbáceo con certo grao de humidade pode medrar o **satirión corpudo** (*Dactylorhiza elata*).

OCÉANO ATLÁNTICO

LAGOA DE
CARREGAL



Abelleira escura (*Ophrys sphegodes*)

O labelo imita o corpo das avespas. Diferénciase polos sépalos e pétalos verdosos. Talo de 10 a 60 cm. Labelo de cor variable, sen apéndice na base e cun debuxo central en U invertido. Polinizada por abellas, estimuladas pola forma, cores e pilosidade da flor. Nas dunas fixas e pasteiros. Pouco abundante, no parque natural obsérvase entre abril e maio.

Satirión encarrapuchado (*Orchis morio*)

Tubérculos radicais característicos. Talo 10 - 50 cm. Cor violácea da inflorescencia e das brácteas, con sépalos e pétalos agrupados que recordan un gorro ou casco. Parte central do labelo brancuzca con pintas violetas e esporón grande e curvado cara arriba. Orquídea enganadora de abellas e abellóns, porque non produce néctar. En praderías e pasteiros abertos. Escasa, florece de marzo a maio.



Satirión apigarado (*Dactylorhiza maculata*)

Talo de 15 a 60 cm., con follas "manchadas". Inflorescencia densa, con flores agrupadas. Flores con sépalos laterais horizontais e cun esporón cilíndrico e estreito. Moi variable a cor e tamaño das flores, desde brancas ata púrpuras. Gusta de chans acedos e zonas de media sombra. Orquídea enganadora, polinizada por escaravellos, moscas, abellas e avespas. Moi común e estendida. Florece en maio e xuño.



Satirión corpudo (*Dactylorhiza elata*)

Tubérculos radicais de forma dixitada. Cor e tamaño moi variables, alcanzando o seu talo ata 1 m. de alto. Flores de cor rosada, con sépalos laterais dirixidos cara arriba, cun esporón robusto. Follas grandes, erectas e lanceoladas. Orquídea enganadora, que atrae a abellóns, avespas e outros insectos. En xunqueiras e zonas húmidas. Moi común, florece entre abril e xuño.



Abelleira común (*Ophrys apifera*)

A forma do labelo recorda a un insecto, unha abella. Talo de 20 - 50 cm. Cor rosada de sépalos e pétalos. Labelo con dous avultamentos laterais pilosos e cun apéndice estreito na base de cor verde. En pasteiros trasduna, en zonas abertas ou piñeirais. Polinización por abellas aínda que pode autopolinizarse. Pouco abundante en Corrubedo, onde florece entre maio e xuño.



Crista de galo miúda (*Serapias parviflora*)

Talo entre 10 e 35 cm. de altura. Flores cun labelo de pequeno tamaño. Casco gris-verdoso ou lila. A parte inferior do labelo ten dúas engurras laterais. Autopolinízase a diferenza doutras especies. Normalmente en pasteiros de dunas grises. Bastante frecuente entre abril e xuño.



Espiral de outono (*Spiranthes spiralis*) Inflorescencia en espiral moi marcada. Talo de 6 a 30 cm. verde e pubescente. Flores tubulares brancas e moi pequenas. Polinizada por abellas e por avelaiñas. En pasteiros húmidos e xunqueiras. Floración anómala en outono. Bastante escasa no parque, florece en Corrubedo normalmente en setembro.



Lengüeira (*Serapias lingua*)

Talo de 10 a 35 cm. Estrutura con sépalos e pétalos reunidos. Forma do labelo inferior moi alongada, semella unha lingua. Cor de ton moi variable, de rosado a vermello escuro. Polinización especializada nunha pequena abella mediante engano sexual. En pasteiros e claros de bosque. Abundante, florecendo en abril e maio no parque natural.



Crista de galo grande (*Serapias cordigera*)

Flor coa parte baixa do labelo que recorda un corazón. Talo de 15 a 50 cm., con follas basais. O casco lila con liñas avermelladas e labelo grande central pardo avermellado ou púrpura escura. Emite fragancia e serve de acubillo a polinizadores como abellas, avespas e escaravellos. Presente en varios hábitats, como pasteiros, matogueiras, piñeirais ou solos de zonas rochosas. Frecuente, pódese ver entre maio e xuño.



**Ruta para descubrir as orquídeas do Parque natural:
Campos de Amendo, A Gandarela e Pipín**

Para poder contemplar as orquídeas do parque natural podemos empregar algunhas das tres rutas sinalizadas que parten do centro de visitantes do Parque Natural, o "Camiño da auga" que nos leva ata os Campos de Amendo, o "Camiño da praia" que discorre polas pasarelas na contorna de Pipín e o "Camiño da Gandarela" que nos achega ata as proximidades da lagoa de Carregal. As tres rutas pódense combinar para facer unha pequena ruta duns 6 km que nos permite percorrer varios dos diferentes hábitats onde florecen.

É importante recordar que non se poden abandonar os camiños.

Época recomendada:

Desde o mes de abril e ata setembro, pero especialmente é nos meses do inicio de verán cando florecen máis especies.

0 250 500 m

MONTEVIXÁN

O VILAR

RÍO DE AMENDO

LAGOA
DE VIXÁN

Observatorio
de aves

PORTO DE BAIXO

PRAIA DO VILAR

CIELGA

CENTRO DE VISITANTES